

## TEMA 2. - ARTE ROMANA: COMENTARIO DO COLISEO OU ANFITEATRO FLAVIO

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** Coliseo ou Anfiteatro Flavio. Edificio público de carácter civil da arte romana. É un edificio para espectáculos. Época Imperial: Alto Imperio. Dinastía Flavia. Século I. Foi mandado construír polo emperador Vespasiano, fundador da dinastía flavia, no ano 79, e inaugurouse ao ano seguinte (con 100 días de espectáculos ininterrompidos) co emperador Tito, fillo e sucesor de Vespasiano. Localízase no Foro da cidade de Roma. Materiais: ladrillo, formigón e placas de mármore.

**c.- Analiza e comenta a obra:** na arquitectura romana os edificios dedicados a espectáculos (teatros, anfiteatros e circos) tiveron enorme importancia: a súa función era entreter e divertir ás masas. Caracterizábanse por ter unha dimensións colosais (en concreto, anfiteatros e circos) por cuestións prácticas (acoller a un elevado número de persoas) e propagandísticas (eran un símbolo da grandeza e do poder de Roma e do emperador).



Os anfiteatros son edificios creados polos romanos e os que mellor reflicten o seu carácter pois nelles tiña lugar o espectáculo que máis atraía ao pobo: a loita sanguenta entre feras, entre gladiadores ou entre ambos. A entrada era gratuíta: o poder facía isto para ter distraída a unha grande masa po-

boación desocupada.

O Coliseo foi o anfiteatro máis grande construído na Roma antiga (altura de 50 metros, perímetro exterior de máis de medio kilómetro e unha capacidade para 50.000 espectadores). É o perfecto símbolo do poder do Imperio Romano. O seu nome procede da colosal estatua de Nerón, coñecida como Coloseum, que estaba situada no lugar onde se erixiu este edificio. Tamén recibe o nome de Anfiteatro Flavio porque foi construído durante o mandato dos emperadores Vespasiano e Tito da dinastía flavia.

A **planta** é **elíptica**: en realidade nace da unión de dous teatros.


Construíuse nun terreo chá desde os cimentos: a **cavea** (nome que recibe o graderío, que é o lugar onde se sentaban os espectadores) levantábase sobre corredores. **Exte-**

**riormente** ten unha fachada con catro pisos en altura: os tres primeiros con arcos de medio punto con lintel apoiados sobre piares con semicolumnas adosadas levantadas sobre altos zócalos; o cuarto piso foi engadido por Tito para aumentar a capacidade do anfiteatro que se quedara pequeno: non ten arcos, é máis macizo e posúe pilastras que teñen un sentido exclusivamente decorativo. As ordes arquitectónicas están superpostas en altura: no primeiro piso, a toscana; no segundo, a xónica; no terceiro e cuarto, a corintia. Sobre o cuarto piso un inmenso velarium (toldo), que se suxeitaba cuns mastros apoiados en soportes, protexía ao público do sol e da chuva.

Os corredores, cubertos con bóvedas de formigón e ladrillo (valoración do espazo interno), comunicaban todas as zonas de cada piso e os pisos entre si. Os corredores que se comunicaban desde o exterior coa cavea recibían o nome de vomitorios e permitían un rápido desaloxo dos espectadores (en 3 minutos).

No **interior**, o Coliseo consta das seguintes partes:

- **Cavea:** lugar onde se sentaban os espectadores. Tiña forma elíptica que permitía ver o espectáculo desde todas partes. Tiña divisións verticais mediante as escaleiras e divisións horizontais que separaban as diferentes clases sociais: ima cavea (na parte baixa) para as autoridades e a nobreza; media cavea (na parte media) para a plebe; summa cavea (na parte superior) para as mulleres, os estranxeiros e os escravos.



- **Area:** é a parte máis importante pois nela se representaba o espectáculo. Tiña un piso de madeira que se tapaba con area. Debaxo da area había construcións subterráneas que permitían un aproveitamento maximal do espazo interno: un foso en forma de cruz que se abría e se enchía de auga para facer representacións a pequena escala de combates navais (naumaquias), almacéns, celas, gaiolas para ferres, enfermarias, depósitos de cadáveres, etc.

- **A ambos lados da area destacaban as dúas portas principais do edificio:** por unha entraban o emperador e as autoridades principais e pola outra sacaban ás vítimas.

Este anfiteatro está construído na súa meirande parte con ladrillo e formigón pero tiña partes cubertas con placas de mármore e esculturas de divindades e emperadores nos arcos exteriores do segundo e terceiro piso: unha verdadeira ostentación de luxo e poder.